

# DIVULGA

## CIENCIA

**11** | DÍA INTERNACIONAL DA NENA E DA MULLER NA CIENCIA  
FEBREIRO

**3ª Edición / Soutomaioir**

# 2024

**16 de febreiro**

Encontro xuvenil "A ciencia da adolescencia".  
Vocación científicas novas profesionais.

**13 de maio**  
Feira de ciencia.  
Talo Río. Arcade.

**Febreiro a maio**

Steam Científico escolares.  
Roteiros científicos.  
Obradoiros Divulgación científica.  
Espectáculos científicos.

Máis información en:



**OMIX**

COLABORAN:



COA COLABORAICÓN DE



## **BASES DE PARTICIPACIÓN III FEIRA DE CIENCIA DE SOUTOMAIOR**

### **1.- Obxecto.**

Regular a participación na III Edición da Feira de Ciencia de Soutomaioir para na Modalidade de "Investigación científica en Educación Primaria, Secundaria e Bacharelato"

### **2.- Obxectivos.**

- Fomentar as vocacións científicas e o espírito emprendedor.
- Promover a autonomía e a participación en contextos de Feira apostando por valores colaborativos, de respecto e tolerancia.
- Colaborar a construír un mundo conxugando desenvolvemento, ciencia, solidariedade, dereitos humanos e respecto polo medio ambiente e pola natureza.

### **3.- Participantes.**

Poderán participar como expositores/as de proxectos alumnado de 5º e 6º primaria, ESO E BACHARELATO.

**IMPORTANTE:** No caso de que as inscricións superen o número de prazas priorizarase a participación dos centros educativos do Concello de Soutomaioir.

### **4.- Procedemento de Inscrición.**

A inscrición será de balde e farase efectiva a través do formulario de inscrición que se remitirá a cada centro a través do formulario ao que se accede no seguinte enlace: [www.soutomaioir.gal](http://www.soutomaioir.gal)

O prazo de inscrición será **desde o 17 de abril ata o 6 de maio de 2024.**

### **5.- Admisión.**

O procedemento a seguir será:

- Se as solicitudes son moitas por temas de organización e espazo e non é posible presentalas todas o que faremos será comunicar ao centro esta situación para que faga unha selección previa de proxectos de cara a exposición en base a uns criterios que se darán previamente.

- A priori limitase a participación máxima total en función do aforo e distribución da carpa. O Concello comunicará o número de proxectos que se poden presentar por cada centro para que se faga esta selección previa no caso de superarse este máximo.
- Repartirase a participación equitativamente para que todos os centros do municipio estean representados na Feira.
- No caso de que haxa prazas libres seguirase a orde de inscrición de resto de solicitudes valorándose o interese das propostas presentadas.
- Todas as propostas presentadas estarán subidas no apartado de "proxectos presentados á Feira" na Web municipal [www.soutomaior.gal](http://www.soutomaior.gal)
- **Comunicarase a cada centro** cales foron os proxectos seleccionados ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición.  
**Prazo de reclamacións 2 días hábiles.**

#### **6.- Coordinación previa.**

Haberá unha formación previa dirixida a profesorado dos centros educativos do municipio co fin de resolver dúbidas sobre os traballos a presentar e sobre como se vai a organizar a feira e se vai a distribuír todo. No caso de resto de centros poderán solicitar información e asesoramento a través do correo [omix@soutomaior.gal](mailto:omix@soutomaior.gal) para axudarlles na presentación de proxectos.

Axudaremos a conceptualizar propostas e facilitaremos recursos para que o profesorado poida desenvolver a idea co alumnado pois somos conscientes de que o tempo é moi limitado. Esta sesión para resolver dúbidas e axilizar a presentación de proxectos.

#### **7.- Modalidades de participación e de presentación de traballos.**

Participarán expondo os seus proxectos ou experimentos na Feira de Ciencia que se levará a cabo **o luns 13 de maio de 10:00 a 14:00 h e de 16:30h a 18:00 h** na Alameda de Talo Río (haberá instalada unha carpa acondicionada con todas as necesidades para este evento). **A feira rematará arredor das 20:30 H coa entrega de premios.**

A participación establécese de xeito mesturado non por centros educativos. O espazo organizarase por temáticas e distribuirase en zonas:

ZONA A – 5º E 6º PRIMARIA

ZONA B - 1º e 2º ESO

ZONA C – 3º e 4º ESO

ZONA D – 1º e 2º BAC

Como norma xeral, o alumnado participará en grupos conformados por 3 ou 4 alumnos/as máximo. No caso, de presentar un proxecto no que participen máis persoas (varias aulas, proxecto de centro) entón inscribíranse 4 persoas representantes e poderán rotarse o día da Feira para a exposición en varias quendas ao longo do día.

Haberá que inscribirse na Web cumprimentando o formulario cos datos básicos (título do proxecto, breve descrición, persoas que participan, centro que presenta).

## 8.- Exposición.

- A cada proxecto asignaráselle un stand con mesas para expoñer dentro da carpa que reunirá as condicións necesarias; con conexión eléctrica, con cadeiras para participantes, que contará con conexión a internet a través de wifi.
- Todo o material que se precise deberá ser solicitado na ficha de inscrición e a organización tentará facilitar os recursos para que se poida expoñer.
- O alumnado e os/as titores/as serán as persoas responsables da colocación do seu material no stand nas horas previstas pola organización.
- O alumnado deberá deixar todo recollido antes da entrega de premios.
- A infraestrutura xeral será recollida por persoal do Concello.

## 9.- Premios.

Haberá os seguintes premios que consistirán en:

- **PREMIO RIGOR CIENTÍFICO.** 2 Reserva de acceso á Feira de Ciencia de Cambre + bono transporte por valor de 60€ (inclúe aloxamento + manutención alumnado e profesorado). Datas provisionais: venres 20, sábado 21, domingo 22 de setembro de 2024.  
Criterios: desenvolvemento do proceso, aplicación do método científico, defensa oral da hipótese e dos resultados, presentación de conclusións.
- **PREMIO INNOVA.** 2 Reserva de acceso á Feira de Ciencias de Cambre + bono transporte por valor de 60€ inclúe aloxamento + manutención alumnado e profesorado). Datas provisionais: venres 20, sábado 21, domingo 22 de setembro de 2024.  
Criterios: que o proxecto implique e procure co seu desenvolvemento, metodoloxía ou obxectivos contribuir á consecución dalgún ou varios dos obxectivos ODS (obxectivos de

desenvolvemento sostible); temas que estean vinculados a problemáticas cotiás e de actualidade.

- **PREMIO COMUNICA.** 2 Bono por valor de 70€ .  
Criterios: variedade no deseño de materiais e formatos de presentación; contidos claros, visualmente atractivos e que identifiquen os obxectivos cos resultados do proxecto; dinamismo, participación de todas as persoas do grupo; creatividade; innovación;
- **PREMIO DIVULGA.** 2 Bonos por valor de 70€.  
Criterios: determinados polo público visitante. Os que obteñan un maior número de votos durante a feira).
- **PREMIO REVELACIÓN PRIMARIA.** 2 Bono por valor de 50€.  
Criterios: destacar o traballo realizado tendo en conta a idade de participantes e o nivel do proxecto presentado en relación ao conxunto dos proxectos presentados.
- **PREMIO REVELACIÓN SECUNDARIA.** 2 Bono por valor de 50€.  
Criterios: destacar o traballo realizado tendo en conta a idade de participantes e o nivel do proxecto presentado en relación ao conxunto dos proxectos presentados.
- **PREMIO REVELACIÓN BACHARELATO.** 2 Bono por valor de 50€.  
Criterios: destacar o traballo realizado tendo en conta a idade de participantes e o nivel do proxecto presentado en relación ao conxunto dos proxectos presentados.

Todos o alumnado que participe recibirá un **diploma e un agasallo de participación**.

O profesorado titor e o centro educativo recibirán un **diploma mención especial** pola súa colaboración e participación.

## **10.- Decisión do xurado e entrega de premios.**

O Xurado estará composto por persoas con experiencia no ámbito científico e tamén por persoas que non teñan nada que ver coa Ciencia. Será unha mestura entre popular e profesional onde participen persoas do eido público e privado para que a decisión sexa adoptada a partir de diferentes perspectivas.

Os criterios xerais en todo caso serán: orixinalidade, calidade e metodoloxía, autoría (sen axuda), defensa oral e presentación sen perder de vista os obxectivos do proxecto Divulgaciencia onde o que se prioriza é a

participación poñendo en valor o esforzo e crecemento persoal do alumnado participante.

A maiores o equipo de xurado consensuará previamente criterios específicos antes de proceder ás valoracións de proxectos para elaborar unha *parrilla* de valoración consensuada.

Se algún premio queda deserto o xurado previa conformidade do Concello poderá reformular os premios e entregalos para que non queden desertos sempre en función da calidade dos proxectos presentados e sempre que sexan merecedores dos mesmos.

A decisión do xurado farase pública durante a entrega de premios na gala de clausura da feira, arredor das 20:00 horas antes do inicio do espectáculo científico co que se pechará a feira.

## **11.- Outros.**

O Concello de Soutomaíor contará co asesoramento da empresa CEO ABERTO, entre outras, e da organización da Feira de Cambre coa que se asina un convenio de colaboración, entre outras persoas e entidades, para a organización desta Feira de Ciencia que se encargarán de guiar as visitas durante a Feira dos grupos visitantes e do apoio técnico.

O evento terá cobertura mediática a través de medios de comunicación locais pero tamén noutras esferas do público e privado fóra do noso municipio.

Establecerase unha canle e comunicación entre a OMIX e os centros educativos para realizar as xestións oportunas para facilitar esta participación na feira. A OMIX informará sobre os requisitos de participación e todas as cuestións relativas á participación.

## **12.- Visitas á Feira.**

Os proxectos que se expoñen nesta feira están realizados por alumnado de 5º e 6º de primaria, secundaria e bacharelato dos centros situados no municipio e doutros centros escolares inscritos.

En cada stand haberá un grupo de alumnado que explicará o seu proxecto ao público visitante co fin de divulgar o traballo realizado; interactuando co público, resolvendo dúbidas e comentando os resultados obtidos, así como, curiosidades do proceso levado a cabo.

As visitas a Feira poderán ser:

- Visitas libres no horario da Feira sen necesidade de inscribirse o día 13 de maio de 10:00 a 14:00 h e de 16:30h a 18.00h
- Visitas guiadas por persoal experto dirixidas a grupos (centros educativos, centros e maiores, asociacións,.. do municipio ou de fóra). Grupos reducidos.

Prazo de inscrición para realizar a visita guiada rematará o xoves 9 de maio. Tras recibir o formulario comunicaremos desde a OMIX a confirmación da visita. Reservas na WEB DO CONCELLO que se habilitará para tal fin.

### **13.- Crédito orzamentario e gastos.**

Destínase o crédito estipulado no Orzamento municipal correspondente para o desenvolvemento destas Bases imputado á partida 32.3261, para os premios e gastos xerais destas accións polo importe total de 770,00€

### **14.- Protección de datos.**

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable do Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE SOUTOMAIOR, con enderezo en rúa Alexandre Bóveda 13, 36691 SOUTOMAIOR (PONTEVEDRA).

Os datos serán utilizados para comunicarnos coas persoas gañadoras e para a xestión administrativa do procedemento. Os datos non se cederán a terceiros/as, agás por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a potabilidade dos mesmos en calquera momento. Para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: [oficinas@soutomaior.gal](mailto:oficinas@soutomaior.gal)

### **15.- Aceptación das Bases.**

A presentación de traballos supón a plena aceptación destas bases: Modalidade de "Investigación científica en Educación Primaria, Secundaria e Bacharelato"

A organización resérvase o dereito de tomar decisións non reflectidas nas bases, así como solucionar calquera tipo de conflito na interpretación destas tendo en conta as apreciacións e observacións do persoal colaborador e asesor.